

**Muller**  
MJGVP/brb  
Ref#: FORO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ EN MATERIA DE IGUALDADE  
Asunto: Informe sobre os anuncios de prostitución na prensa de Lugo

Estimada amiga:

O Foro de Participación Cidadá en Materia de Igualdade do Concello de Lugo é un órgano colexiado de carácter consultivo e de participación na xestión municipal das actuacións, enmarcadas nos plans de igualdade de mulleres e homes do Concello de Lugo. Agrupa a representantes dos grupos municipais así como dos máis diversos sectores sociais de Lugo: asociacións de mulleres, sindicatos, mulleres empresarias, clubs deportivos femininos, asociacións de persoas inmigrantes, asociacións de persoas con discapacidade, etc.

Na súa última sesión, celebrada o 18 de decembro de 2009, o Foro decidiu dirixirse aos xornais “El Progreso” e “La Voz de Galicia”, para expresar a súa preocupación pola publicidade relacionada co comercio sexual, aparecida nas súas páxinas de contactos.

Segundo datos recollidos na **“Ponencia sobre la prostitución en nuestro país”**, elaborada pola **Comisión Mixta dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades do Congreso e do Senado**, aprobada o 13 de marzo de 2007:

“O negocio da prostitución é o segundo negocio mundial máis lucrativo, tras o tráfico de armas e diante do tráfico de drogas. Reporta anualmente unhas ganancias de entre 5 e 7 billóns de dólares, e mobiliza uns 4 millóns de persoas. Aproximadamente, 4 millóns de mulleres e nenas son mercadas e vendidas anualmente, co obxecto de forzalas á prostitución, á escravitude ou ao matrimonio.

Estímase que as mafias gañan 7.000 millóns de dólares ao ano. En Europa cada traballadora sexual deixa un beneficio de 100 mil euros por ano a cada proxeneta, e cada un deles rexenta ao menos de 20 a 25 mulleres.

O número de persoas que traballa ilegalmente na *“industria do sexo”* na Unión Europea flutúa entre 200.000 e 500.000; dúas terceiras partes proveñen de Europa Oriental”

En canto aos datos do mercado en España:

“Os españois gástanse 50 millóns de euros todos os días en prostitución. Segundo a asociación de propietarios de clubs de alterne, o negocio da prostitución move en España 18.000 millóns de euros ao ano.

O 6% da poboación española é consumidora cotiá de prostitución.

**Muller**

MJGVP/brb

Ref#: FORO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ EN MATERIA DE IGUALDADE

Asunto: Informe sobre os anuncios de prostitución na prensa de Lugo

Os medios de comunicación tamén obteñen beneficios co negocio da prostitución. A prensa no noso país obtén importantes beneficios do negocio da prostitución. As edicións dos principais xornais xeneralistas do noso país nun día laboral recollen un número de anuncios considerable (*El País* 702, *El Mundo* 672, *ABC*, 225 e 91 *La Razón*). O xornal con maior tirada deste país ingresa arredor dos 5 cinco millóns de euros anuais”.

Segundo datos recollidos no período de agosto e setembro de 2009, o xornal “El Progreso” publicou unha media de 70 anuncios diarios sobre prostitución, mentres que “La Voz de Galicia”, publicou unha media de 230 anuncios diarios en Galicia, dos que unha media de 12 anuncios son relativos á provincia de Lugo.

Segundo a Federación de Mulleres Progresistas, España é o único país europeo onde a prensa formal publica anuncios de prostitución, a través dos cales "se lucra economicamente e a pon ao servizo de calquera”. Engade, ademais: "España converteuse nun dos principais países de tránsito e destinos de mulleres vítimas de trata para exercer a prostitución e, en moitas ocasións, as mafias aproveitan a oportunidade que lles brinda a prensa nacional para comerciar con elas, permitindo ocultar a súa identidade e minimizando riscos e custos".

Somos conscientes de que este tipo de anuncios proporcionan considerables ingresos para o mantemento da súa empresa, non obstante, consideramos que unha das finalidades dos medios de comunicación debe ser crear conciencia social e promover a defensa dos dereitos humanos.

O Foro de Participación cidadá en materia de igualdade, que me honro presidir, fai súas as recomendacións que a Comisión Mixta lles fixo aos medios de comunicación a fin de que: "no marco dos seus códigos deontolóxicos consideren a renuncia á publicidade relacionada co comercio sexual para impedir o negocio das organizacións mafiosas”.

Até a data, “Público”, “20 Minutos”, “Avui” e “La Gaceta de los Negocios” son as únicas cabeceiras que renunciaron a publicar anuncios de prostitución, agardamos que o medio que vostede preside siga esta liña.

Atentamente.

**Muller**

MJGVP/brb

Ref<sup>a</sup>: FORO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ EN MATERIA DE IGUALDADE

Asunto: Informe sobre os anuncios de prostitución na prensa de Lugo

Lugo, 1 de marzo de 2010

María del Carmen Basadre Vázquez  
Presidenta do Foro de Participación Cidadá en  
Materia de Igualdade